

# Código Cero

DIARIO DIXITAL

Novas Tecnolóxicas de Galicia con boletíns por correo electrónico e edición en papel nos quioscos galegos.

PRINCIPAL | FOROS | REVISTA EN PAPEL | HEMEROTECA | O NOSO EQUIPO | TOP 100 | CONTACTAR CON N

Martes, 27 de Xuño de 2006




Nova

## O Padroado do CESGA oficializa o seu apoio á iniciativa Puntogal



Soubémolo o venres pasado: a "oficialidade" do apoio do [Centro de Supercomputación de Galicia](#) (CESGA) á iniciativa [Puntogal](#). Esta refrendo do compromiso do centro de investigación galego cara a cultura galega na Rede e un dominio propio de seu (.gal) materializouse nunha reunión ordinaria dos membros do padroado da Fundación do Centro de Supercomputación de Galicia \_máximo órgano de goberno deste complexo

tecnolóxico. Na xuntanza participou o director xeral de I+D da Xunta, Salustiano Mato, quen sinalou que a consecución do dominio .gal significaría situar a Galiza no alicerce de tódolos mapas da Sociedade da Información que se están a construír.

Ademais, dixo, "servirá para salientar a nivel global a existencia da nosa lingua e cultura". Entre as medidas que o CESGA levará a cabo no seu apoio ó dominio galego atópanse as de "convencer" á Internet Corporation for Assigned Names and Numbers (a organización que se encarga de dirixir á asignación dos nomes de dominios) de que Galiza posúe os suficientes vencellos culturais e lingüísticos como para optar a unha denominación en Internet. Cómpre sinalar que xunto co CESGA, loitarán por este obxectivo un amplo equipo de organismos e corporacións, entre as que se atopan a Real Academia Galega, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, Galicia-Hoxe, Vieiros, EGANET, ISOC-GAL, a Mesa pola Normalización Lingüística e outras entidades ás que se uniron medios de comunicación (como Código Cero ou a asociación de televisións locais en lingua galega Onda Nós) e asociacións (agrupacións galegas de colexios profesionais ou organismos aglutinadores de empresas).

Entrevista

**Pablo López**

Consultor e xerente de Hacce

Firma convidada

**Moncho Paz**

Moderador de Xanela Aberta en Código TV



**Agasallos Promocionais por Internet**

www.promosbbt.com

Telf.: 902 181 182






Novo número  
**GRATUÍTO**  
**900855111**

de **RESPOSTAS**  
sobre a telefonía e  
o acceso a internet

Construya su  
reputación  
con Windows  
Server System.

Conozca la  
experiencia  
Motorola



Windows Server System



movistar

> Con Total  
Disponibilidad  
> Sin Límite de  
Contratación



**GALICIA INNOVACIÓN**  
Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento  
e Innovación Tecnolóxica, 2002-2005

**Consello Asesor de  
Telecomunicacións  
e Audiovisual**



**Grupo Código Cero Comunicación**

UNINOVA- Recinto MercaGalicia

Polígono Industrial do Tambre - Vía La Cierva s/n

15890 Santiago de Compostela

Teléfono 981 51 96 00 Extensión 36 - 981 93 63 24

Telefax 981 55 77 07

[webmaster@codigocero.com](mailto:webmaster@codigocero.com)



Galardón á Innovación Empresarial  
na categoría de Comunicación